



INSTRUCCIÓN DE ACTUACIÓN EN **ZONAS TAMPÓN** AFECTADAS POLA PRAGA DE CORENTENA *Tecia solanivora* OU COUZA GUATEMALTECA DA PATACA

1.- A totalidade dos seguintes concellos da provincia de A Coruña: As Somozas, Moeche, Cerdido, Cedeira

2.- Terreos comprendidos dentro dunha franxa de 5 km en torno ao límite dos concellos establecidos como zonas infestadas, é dicir afecta parcialmente aos concellos de:

2.1. Provincia da Coruña: Pontedeume, Miño, Vilarmaior, Monfero, Camariñas, Vimianzo, Dumbría, Cee e Fisterra.

2.2. Provincia de Lugo: Xermade, Muras, Vilalba, Cospeito, Castro de Rei, Pol, Meira, Ribeira de Piquín e A Fonsagrada.

Plantacións

- Obriga de declaración da plantación de pataca segundo modelo normalizado onde quede reflexada a situación e a superficie da parcela cultivada.
- Obriga de utilizar semente de pataca certificada.
- Realizar rotación de cultivos.
- Enterrar a semente un mínimo de 15 cm no momento da plantación.
- Aporcar abundantemente durante a plantación (25-30 cm).

Almacéns particulares

- Almacenar as patacas en lugares estancos e limpos.
- Instalar unha trampa con feromona específica para captura de *Tecia solanivora* unha vez almacenadas as patacas.

Almacéns comerciais

- Colocación de malla tupida de mín. 6 x 6 fíos/cm² en ocós e ventás. Instalación dun sistema eficaz en portas que evite a entrada do insecto.
- Limpeza e desinfeccións dos almacéns.
- Instalación de trampa con feromona específica.

Colocación de trampas e polilleiros

- A colocación de trampas en campo será so competencia dos servizos oficiais da Xunta de Galicia.
- Se poderá colocar unha trampa con feromona específica en almacén particular para a captura de *Tecia*.

Movimentos de pataca

- Recoméndase non trasladar tubérculos de pataca a zona libre.
- As plantacións que queiran comercializar pataca fora da zona demarcada (zona infestada+zona tampón), deberán estar inscritos nun rexistro oficial (ROPCIV), serán sometidas a unha inspección oficial no momento do levantamento das parcelas e as producións deberán circular con Pasaporte fitosanitario.